

Subtítulos do vídeo

Ola, chámome Bea e hoxe vou contarvos algo moi interesante que cambiou a historia da humanidade por completo e iso é a invención da imprenta.

Seguro que todos coñecedes libros, xornais ou mesmo apuntes que imprimimos no cole.

Pero sabedes cando comezou todo isto?

Pois hai moito tempo. No ano 1440, un home chamado Johannes Gtenber en Alemaña inventou unha máquina moi especial, a imprenta de tipos móbiles. Ata ese momento os libros escribíanse a man e só o tiñan os reis, os nobres ou os mosteiros.

Era un traballo moi longo e caro. A imprenta o que permitía era colocar letras metálicas, chamadas tipos. formando palabras e frases e así podíanse facer moitas copias dun texto moito máis rápido.

Grazas a este invento o coñecemento chegou a moitas máis persoas e foi o comezo da chamada Idade moderna.

Como vedes, a imprenta foi un invento absolutamente revolucionario e hoxe en día, sen ela, non teríamos moitas cousas nin saberíamos moitas das cousas que sabemos.

Moitas grazas pola vosa atención, grazas por escoitarme e espero que vos gustara e que a partir de agora vexades os libros e as impresións con outros ollos.



“Subbtítulos do vídeo”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)